

**DISCURSO DO PRESIDENTE DA XUNTA NA INAUGURACIÓ DO DA
EXPOSICIÓ *RAMÓN PIÑEIRO. OLLADAS NO FUTURO***

Santiago, 15 de maio de 2009

Autoridades presentes, señoras e señores.

Este acto que hoxe nos une, é unha proba mais de que as palabras de Ramón Piñeiro xermolaron. Arredor da súa lembranza estamos aquí congregados galegos de xeracións diferentes, e con ideas distintas sobre o noso país.

Sen embargo, todos nos sentimos fillos del, como si formásemos parte dunha gran familia que naceu naquel modesto piso de Xelmírez 15, en Santiago, coa presenza totémica da súa mesa camilla. Aquelas palabras de don Ramón, ditas co mesmo agarimo dun avó sentado na lareira, son o fundamento dunha Galicia entendida como punto de encontro no que se atopan pasado, presente e futuro. Son a primeira pedra dun autogoberno concibido como casa común de todos os galegos.

Esta Exposición que inauguramos, aproveita o título dunha escolma de reflexións de Piñeiro: *Olladas no futuro*. ¿Cómo era ese futuro que don Ramón transmitía pacientemente aos seus interlocutores? Un futuro no que o galeguismo e a unidade fosen as dúas caras da nosa identidade.

Das paroladas i ensaios do noso mestre, dedúcese a preocupación por facer do galeguismo un clima común máis que un reduto privado. Carlos Casares, que tan ben o coñeceu, di que *sempre conservou a mentalidade dun home do campo, coa súa hospitalidade e cautela*. Un home do campo cosmopolita, dicimos nós, que viaxa e frecuenta outras culturas, como fixeron todos os galeguistas do seu tempo.

Teño para min, que esa orixe campesiña lévalle a ver á Galicia do futuro coma unha prolongación do adro da igrexa, no que vía *parlamentar* de neno aos veciños da parroquia. Nese espazo se sustancia un espírito comunitario moi arraigado nas nosas xentes, malia os persistentes tópicos

individualistas. Do mesmo xeito que a democracia nace nunha pequena comunidade chamada Atenas, a autonomía galega tería as súas raíñas no adro dominical que serviu de Parlamento orixinario aos nosos antergos.

Piñeiro é unha síntese de democracia e galeguismo, nun tempo no que non sempre eses conceptos fan da man. Piñeiro é un mentís aos agoiros dos crepúsculos das ideoloxías porque demostra que unha idea certa pode provocar unha revolución, e que unha idea certa comunicada con tolerancia, logra que esa revolución sexa pacífica e fecunda.

A Galicia actual é consecuencia dun cambio que se forxa nesa pequena mesa camilla, que se fixo mais grande, até agrupar ao seu redor a todo un país.

Esa mestura entre rei Arturo e mago Merlín da nosa autonomía que foi don Ramón, nada ten que ver co líder típico, nin co mestre, nin co doutrinario. Cédolle á palabra a outro amigo e discípulo, Manuel Rodríguez Álvarez, que define así a personalidade piñeirana: *Era como un vento que habitaba os lugares da cultura, un clima no que medraban a maioría dos proxectos do incerto futuro de Galicia. Era un país do pensamento*

Non hai moitos precedentes dun liderado intelectual baseado fundamentalmente na palabra dita mais que na escrita. Por elo, adoitase buscarlle a don Ramón un lonxano parentesco socrático, aínda que eu non estou moi de acordo. A tradición fala dun Sócrates malhumorado e amigo da gloria, mentres que Piñeiro engaiola coa súa amabilidade e practica unha modestia conmovedora. O filósofo crea unha escola, pero don Ramón moldea unha nacionalidade. O grego ten un pasamento desgraciado, ao tempo que o galego dinos adeus en medio do aprecio de todos, e coa satisfacción de ollar no presente, o que soñara no pasado.

Dedicarlle a Ramón Piñeiro o Día das Letras Galegas é un acto de xustiza con nós mesmos. El é máis ca un escritor, máis ca un pensador, máis ca un filósofo. Representa a unha xeración de homes que fan do galeguismo cordial, unha rede que mantén unido a todo un país. Representa a unha xeración de intelectuais galegos e cosmopolitas que abren de par en par as

portas do galeguismo para que deixe de ser unha leira illada, e se converta na forza vital da nova autonomía.

E fano convencidos de que a cultura, igual que a poesía, era un arma cargada de futuro naquela época ingrata de noites de pedra. Velaí Galaxia, en cuxo ronsel de estrelas moitas mulleres e homes do meu tempo, albiscamos unha Galicia pletórica de pensamento, un galeguismo amable, e unha lingua fresca que nos axudou a recuperar a nenez perdida, e a apreciar o noso idioma como ferramenta de modernidade.

Por iso, o actos que hoxe convoca aquí a tantos amigos, empezando pola familia de don Ramón, é tamén unha ollada no futuro.

Como presidente da Xunta quero ser un discípulo máis de Piñeiro. gobernarei co mesmo compromiso galeguista que se Piñeiro tivera a oportunidade de facelo en pleno século XXI. Quero sentarme como un máis nesa mesa camilla onde non había cabeceira, e tratar de escoitalo. Seguro que non atoparei mellor axuda nesta andaina que nos toca. Galeguismo e unidade. Seguen sendo as dúas chaves dese futuro.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA